

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 6 de maio de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se fixan as datas de realización das probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2019, que foron convocadas mediante a Resolución do 20 de marzo de 2019 (código de procedemento PL500C).*

Mediante a Resolución do 20 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocáronse as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2019 (código de procedemento PL500C) (DOG núm. 58, do 25 de marzo). Segundo o sinalado no seu punto terceiro, as datas concretas das probas, que serán no mes de xuño de 2019, serán debidamente publicitadas no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>), cun mínimo de 15 días naturais antes da data fixada para o primeiro exame.

De acordo con isto,

**RESOLVO:**

Fixar as seguintes datas de realización das probas para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga) convocadas mediante a Resolución do 20 de marzo de 2019:

– Celga 4, en Santiago de Compostela e en Ponferrada:

1 de xuño de 2019, para as persoas admitidas cuxo primeiro apelido empece por algunha das seguintes letras: Q, R, S, T, U, V, W, X, Y, Z, A, B, C e D.

2 de xuño de 2019, para as persoas admitidas cuxo primeiro apelido empece por algunha das seguintes letras: E, F, G, H, I, J, K, L, M, N, Ñ, O e P.

– Celga 3, en Santiago de Compostela:

8 de xuño de 2019, para as persoas admitidas cuxo primeiro apelido empece por algunha das seguintes letras: Q, R, S, T, U, V, W, X, Y, Z, A, B e C.

9 de xuño de 2019, para as persoas admitidas cuxo primeiro apelido empece por algunha das seguintes letras: D, E, F, G, H, I, J, K, L, M, N, Ñ, O e P.



– Celga 3, en Ponferrada:

8 de xuño de 2019, para todas as persoas admitidas.

– Celga 2, en Santiago de Compostela e en Ponferrada:

15 de xuño de 2019, para todas as persoas admitidas.

– Celga 1, en Santiago de Compostela:

16 de xuño de 2019, para todas as persoas admitidas.

No caso daquelas persoas ás cales, atendendo a causas xustificadas, se lles concedese algún tipo de adaptación ou apoio para que poidan levar a cabo as probas, a data de realización destas seralles comunicada directamente pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

As sedes e horarios de realización das probas, así como as listaxes de persoas admitidas para cada nivel e localidade, poden consultarse na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>).

As persoas admitidas deberán presentarse 30 minutos antes da hora de inicio da proba provistas do documento que acredite a súa personalidade (DNI, NIE ou pasaporte) e mais dun bolígrafo. Lémbrese, ademais, respecto da proba oral de cada nivel Celga, que esta será posterior á proba escrita. A hora concreta en que cada persoa deberá estar presente para realizar a dita proba oral publicarase na sede correspondente unha vez que remate a proba escrita.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019

Valentín García Gómez  
Secretario xeral de Política Lingüística

